

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**CARBALLO**

FIJADO:  
2/08/21  
EL CONSERJE

DESFIJADO:  
\_\_\_\_\_  
EL CONSERJE

*Aprobación inicial da modificación n.º 7 da RPT do Concello de Carballo.*

**ANUNCIO**

O Pleno municipal, en sesión 08/21 ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2021, aprobou inicialmente a modificación n.º 7 da relación de postos de traballo do Concello de Carballo.

De acordo co artigo 202.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, ábrese un prazo de información pública, mediante a inserción deste anuncio no BOP, durante vinte (20) días hábiles para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxerencias, dirixidas á Alcaldía da Corporación.

Se durante o prazo establecido non se presentasen alegacións, reclamacións ou suxerencias, o acordo considerárase definitivamente aprobado.

A modificación inicialmente aprobada consiste en:

**1º.-** Modificación na **Área de Servizos Sociais Sociocomunitarios básicos** dos postos con código 05.01.01.02 a 05.01.01.15, barranto o grupo de titulación entre o IV e o V, e os niveis de CD entre o 14 e o 12, así como os puntos totais de nivel de complemento específico, así como a ficha descritiva do posto-tipo, consonte ao sinalado no **Anexo I** do acordo.

**2º.-** Modificación da **Área de Alcaldía**, coa supresión do Servizo de Normalización Lingüística, e do posto de Xefatura do mesmo, con código 00.05.00.01, quedando o cadro RPT e o organigrama da Área consonte ao sinalado no **Anexo II** do acordo.

**3º.-** Modificar da Área de Secretaría, coa reorganización do **Servizo de Administración Xeral**.

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación celebrada o pasado día 22/02/2021, aprobouse inicialmente o Orzamento do ano 2021 e o Cadro de Persoal anexo ao mesmo. No que se sinalaba: «4.- A asunción polo servizo de persoal de tarefas previstas na RPT, que ate este exercicio viñanse realizando polo sector privado, aconsellan a creación da seguinte praza: Denominación Escala Subescala Grupo Nivel Nº prazas Vacantes Administrativo Admón Xeral Administrativa C1 16 1 1 Polo tanto debería modificarse a RPT coa creación do posto correspondente e a súa valoración.» Polo tanto, creación dun posto de administrativo no Servizo de Persoal, co código 01.01.00.03, de xeito que o Servizo de Persoal quedará composto por un Xefe do Servizo e dous administrativos. Renumérase o código do posto de auxiliar administrativo preexistente, que pasa de ter o código 01.01.00.03 a ter o novo código 01.01.00.04. O posto non precisa de nova valoración, aplicándose a mesma de administrativo sen xefatura do posto-tipo de administrativo que xa consta na vixente RPT, quedando, pois, coa mesma valoración do outro posto de administrativo destinado ao mesmo Servizo, tal e como consta no novo Organigrama e Cadro da RPT antes transcrito.

Reestruturación da organización interna, pasando a depender do Servizo de Administración Xeral os Negociados de Actas e Decretos e o de Estatística, Padrón e Certificacións. Perde a categoría de negociado, ao non se considerar precisa xefatura no mesmo, o Negociado de Rexistro, que pasa a contar con dous postos de administrativo, sen xefatura, con tarefas indistintas entre eles, e baixo a supervisión directa do Xefe do Servizo de Administración Xeral, co rango de Unidade, do mesmo xeito que as novas Unidades de Administración Xeral, que xa non contaba con posto de xefatura, e de Conserxería/Notificacións, que tampouco contaban con tal posto. Polo tanto, suprímese o posto que contaba anteriormente con código 01.04.00.01 "Xefe do Negociado de Rexistro Xeral e Atención ao Cidadán", polo que no cadro de persoal deberá eliminarse un posto administrativo C1 nivel CD 20, e incorporarse outro administrativo C1 nivel CD 16.

Na Unidade de Conserxería e Notificacións, incorpóranse os postos que, por omisión en anteriores modificacións da RPT, se atopan dotados no Cadro de Persoal e na plantilla orzamentaria do Concello, reservados a funcionarios, entre eles, o posto derivado dunha praza creada por acordo adoptado na sesión ordinaria do Pleno da Corporación celebrada o pasado día 22/02/2021, de aprobación inicial do Orzamento do ano 2021 e o Cadro de Persoal anexo ao mesmo, no que se daba conta de que, por resolución da Alcaldía R-3222/2020, do 29/12/2020, se declarara a xubilación e a perda da condición de funcionario de carreira deste concello con efectos do 31/12/2020 dun funcionario (EMLT, \*\*\*\*9809\*) que ocupaba unha praza de Oficial, Escala de Administración Especial, Subescala, Servizos Especiais, Clase Persoal de Oficios, Denominación: Oficial de Obras.

Deste xeito, a Unidade de Conserxería e Notificacións pasa a contar con 4 postos de conserxes, os dous xa existentes na RPT con anterioridade, o novo posto a crear por mor do anterior acordo plenario tras da xubilación dun funcionario da Brigada de Obras, e por último un máis derivado da omisión agora detectada para encaixar as prazas existentes no cadro de persoal do 2021 (6 prazas de funcionario, das cales constan 3 vacantes), que deben ser cinco prazas co seu respectivo posto na Unidade de Conserxería e Notificacións (1 notificador e 4 subalternos), manténdose a outra praza, e o seu respectivo posto, na Área de Formación e Emprego. Ao tempo, deberase facer constar que a adscrición á Área da Secretaría Municipal dos Subalternos implica a posibilidade de destinalos aos postos de conserxería en calquera edificio municipal (colexios ou outras dependencias dependentes do Concello), non necesariamente na Casa Consistorial.

Detectada unha omisión dun posto no Cadro de Persoal, ocupada interinamente a día de hoxe, de auxiliar administrativo no Servizo de Contratación e Patrimonio, se corrixe a omisión creando un posto con código 01.05.01.04. A praza non consta, tampouco, por unha omisión, no Cadro de Persoal, polo que se deberá modificar o cadro de persoal para crear unha praza máis de auxiliar administrativo.

As devanditas modificacións implican a modificación do organigrama da Área, do cadro RPT e das fichas de postos, consonte ao que se sinala no **Anexo III** do acordo.

4º.- Modificación da **Área de Servizos Económicos**, suprimindo o Negociado de Gastos, e o posto de Administrativo-Xefe do Negociado, tanto no cadro RPT coma no organigrama funcional e gráfico, como nas fichas, e creando o Servizo de Fiscalización e Control, consonte ao establecido no **Anexo IV** do acordo.

Carballo 27 de xullo de 2021

O Alcalde

Evencio Ferrero Rodriguez

2021/5981